



Concello de Vilalba

PREZO PÚBLICO INSCRICIÓNS OBRADOIROS LECER CULTURAL 2021

Art. 1.- OBXECTO

De conformidade co previsto no artigos 127 así como nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público da inscrición por alumno e obradoiro de Lecer Cultural 2021.

Art. 2.- FUNDAMENTO E NATUREZA

O prezo público é unha prestación patrimonial de carácter público, que se satisfai por servizos ou actividades prestadas pola Administración cando non concorra ningunha das circunstancias previstas no artigo 20.1 da citada disposición normativa, relativas ás taxas.

Art. 3.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do mesmo, as persoas que se inscriban e participen nas actividades reguladas no presente acordo.

Art. 4.- CONTÍA

As tarifas serán as seguintes:

	EVENTO	Prazas	Prezo
	EXTENSIVAS		
1	Obradoiro de teatro	10	6,00 €
2	Obradoiro de manualidades	10	6,00 €
	INTENSIVAS		
3	Obradoiro de Fotografía	10	4,00 €
	PUNTUALES		
4	Obradoiro de Astronáutica	10	2,00 €
5	Obradoiro títeres cartón	10	2,00 €

Art. 5.- XESTIÓN E COBRANZA

1. A obrigaçión de pagar o prezo público nace desde que se inicia a actividade, aínda que se establece o anticipo total do prezo, mediante domiciliación bancaria, procedendo a devolución do importe correspondente cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se desenvolva.



Concello de Vilalba

O impago da tarifa determina a perda do dereito a realizar a actividade.

2. Conforme o establecido no artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Art. 6.- No que non figura no presente acordo, estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O presente prezo público aprobouse pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 2 de xullo do 2021 (Expte. 2463/2021).